

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE XANEIRO DE 2024**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de xaneiro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal accidental, don Pedro Fernández Agusti, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. FOMENTO.-** Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Asociación Deportiva Cultural Lugo sala co obxecto de colaborar nos gastos derivados do evento vi torneo navidad fútbol sala de base; fase autonómica 29 e 30 de decembro 2023 e fase nacional 2, 3 e 4 de xaneiro de 2024.

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación inicial do proxecto básico e de execución (proxecto de obras ordinarias) para obras de mellora de accesibilidade na rúa Rio Narla nº 50.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**